

**VI. ANUNCIOS****C) OUTROS ANUNCIOS****SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A. (SPI GALICIA, S.A.)**

*ANUNCIO polo que se lle dá publicidade á convocatoria para a contratación de persoal laboral fixo para a cobertura dunha praza de arquitecto/a, unha praza de arquitecto/a técnico/a e unha praza de enxeñeiro/a industrial.*

O Consello de Administración de SPI Galicia, de conformidade co establecido no Decreto 109/2025, do 1 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal laboral de entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, co obxecto da posta en marcha e do funcionamento de novos servizos públicos, e en virtude das atribucións que en materia de selección e contratación de persoal lle son conferidas polos estatutos da entidade, acordou na súa reunión do 26 de marzo de 2026:

Primeiro. Anunciar a convocatoria para a cobertura dunha praza de arquitecto/a, unha praza de arquitecto/a técnico/a e unha praza de enxeñeiro/a industrial.

Segundo. Aprobar as bases polas cales se rexerá o proceso de selección, que se encontran publicadas na páxina web: <https://www.spigalicia.es/>

O prazo de presentación das solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2026

María Deza Martínez  
Presidenta da Sociedade Pública de Investimento de Galicia, S.A.

